

CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN XESTOR/A PARA O PROXECTO “SEP-210575807 MarENet - Atlantic Maritime Ecosystem Network” EN DEPENDENCIA DA DIRECCIÓN DO CAMPUS DO MAR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

PRAZAS: 1 XESTOR/A DE PROXECTO

Convócase un proceso de selección para a contratación dun xestor/a, mediante contrato en réxime temporal, para o proxecto “SEP-210575807 MarENet - Atlantic Maritime Ecosystem Network”.

MarENet é un proxecto europeo financiado ao abeiro da convocatoria Blue Economy (EMFF-BlueEconomy-2018, Topic: BlueCareers, EMFF-02-2018) e financiado polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca. O consorcio do proxecto está integrado por diferentes entidades de España, Irlanda e Francia co obxectivo de reforzar a cooperación entre a Academia e as empresas do ámbito marítimo, mediante o deseño e implementación dunha rede marítima Atlántica para o Noroeste de Europa constituída por centros de formación e representantes da industria co fin de facer unha posta en común das necesidades do mercado marítimo portuario e os Currículos marítimos, ao mesmo tempo que se fomenta a visibilidade e oportunidades da economía azul e polo tanto, o atractivo das carreiras azules.

BASES QUE REGULAN O PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL

PRIMEIRA. OBXECTO:

A presente convocatoria ten coma finalidade a selección de persoal para a contratación, en réxime temporal, dun xestor/a para o proxecto **MarENet**.

SEGUNDA. REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os aspirantes deberán cumprir, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

- Ter cumpridos os dezaioito anos e non ter acadado a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación
- Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas do perfil solicitado
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas

Requisitos excluíntes:

Para poder participar no proceso de selección, os candidatos/as deberán achegar a seguinte documentación:

- Carta de presentación dirixida ó Director do Campus do Mar, na que se inclúa nome, NIF, teléfono e correo electrónico de contacto
- *Curriculum vitae* en formato Europass onde conste especificamente a adecuación e experiencia do candidato ó perfil técnico do posto
- Xustificación documental dos seguintes requisitos:
 - o Licenciatura ou Grao en Ciencias do Mar ou titulacións superiores afíns as ciencias mariñas
 - o Alomenos 2 anos de experiencia en xestión de proxectos en ámbito mariño (Demostrable mediante vida laboral e/ou contratos de traballo)
 - o Nivel acreditado de inglés equivalente a B2
 - o Nivel acreditado de español equivalente a C2 (ou ter español coma lingua materna)

Unha vez finalizado o proceso de selección, o/a candidato/a seleccionado/a para o posto deberá xustificar documentalmente tódolos méritos alegados.

Perfil Técnico:

En dependencia da Dirección do Campus do Mar e en coordinación coas Unidades Transversais da Universidade de Vigo, o/a candidato/a levará a cabo as seguintes actividades:

- Organización, xestión e seguemento do proxecto en coordinación cos socios e entidades colaboradoras implicadas
- Tramitación técnica e económica das actividades do proxecto
- Coordinación e organización de eventos, reunións, talleres e tarefas de comunicación e divulgación
- Desenvolvemento das tarefas de difusión e comunicación previstas no proxecto mediante manexo de ferramentas web e redes sociais
- Manexo autónomo de medios informáticos
- Apoio complementario en tarefas de xestión doutros proxectos relacionados e actividades do Campus do Mar
- Disponibilidade para viaxar

TERCEIRA. DESCRICIÓN DO POSTO DE TRABALLO

A contratación formalizarase nun contrato laboral en réxime temporal a tempo completo.

Data previsible de comezo: 01/12/2019. Data de finalización do contrato: 30/11/2021

Periodo de proba: Mínimo tres meses

Retribución bruta mensual aproximada: 2000 €

Lugar de traballo: Oficina do Campus do Mar, Campus Universitario - Lagoas Marcosende, Universidade de Vigo

Posibilidade de renovación: Non

CUARTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os/as aspirantes deberán enviar a documentación indicada na base segunda da presente convocatoria á dirección de correo electrónico: rrhh@campusdomar.es

O prazo de presentación das solicitudes finaliza o 10 de novembro de 2019 ás 23:59 h.

QUINTA. PROCEDEMENTO

A Universidade de Vigo establecerá unha Comisión de selección para levar a cabo o proceso selectivo.

Finalizado o período de presentación das solicitudes, a Comisión valorará en dúas fases as candidaturas presentadas segundo os seguintes criterios de valoración:

Experiencia profesional (50%)

- Experiencia profesional acreditada en xestión técnica e económica de proxectos de I+D+i relacionados con ámbito mariño (adicional ao mínimo requirido) 25%
- Experiencia profesional acreditada no deseño e organización de eventos e xestión de grupos de traballo en ámbito mariño 15%
- Experiencia profesional relacionada co uso de ferramentas empregadas pola UE (ex. H2020, FEMP etc.) 10%

Formación (20%)

- Título de Doutoramento en ámbito mariño 5%
- Título de Mestrado en ámbito mariño 2,5%
- Cursos de formación ou especialización relacionados co perfil técnico 5%
- Nivel acreditado en lingua inglesa maior ao requirido 5%
- Nivel acreditado en lingua francesa equivalente a B1 ou superior 2,5%

Entrevista (30%)

A entrevista levarase a cabo en español e inglés.

SEXTA. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Finalizado o prazo para a entrega de solicitudes, a Comisión publicará na web do Campus do Mar <http://campusdomar.gal/convocatorias/> a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte o da publicación, para subsanar ou enmendar a documentación presentada.

Posteriormente a Comisión publicará a resolución definitiva. Enténdese que con esta publicación as reclamacións contra a resolución provisional quedan resoltas.

A Comisión convocará a unha entrevista as/aos cinco candidatos/as que obteñan unha maior puntuación sumando os apartados de Experiencia profesional e Formación.

Posteriormente publicarase no mesmo lugar, a resolución definitiva e ésta notificarase ós aspirantes vía correo electrónico. Contra a resolución da Comisión adxudicando a praza, poderá presentarse unha reclamación perante a mesma no prazo de 3 días hábiles.

A Comisión de selección se o estima oportuno, poderá configurar unha lista de agarda cos aspirantes con mellor puntuación para atender ás posibles necesidades derivadas do proxecto ou doutras actividades do Campus do Mar.

En caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ó perfil obxecto da convocatoria, a Comisión de selección poderá declarar deserta de forma motivada a convocatoria de selección.

En Vigo, a 31 de outubro de 2019

O Director do Campus do Mar

Daniel Rey García